



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la mejora de la seguridad vial y de la accesibilidad en la N-541 en el lugar de Calvelo, en el Concello de Cerdedo-Cotobade.**

La N-541, que une las ciudades de Pontevedra y Ourense presenta numerosos tramos con una alta peligrosidad a lo largo de su trazado, tanto para los vehículos como para los peatones, así como un estado de conservación muy deficiente.

Los vecinos del municipio de Cerdedo-Cotobade llevan tiempo reclamando soluciones a los problemas de seguridad vial en la N-541 a su paso por Calvelo, especialmente en materia de accesibilidad y circulación segura para los habitantes de la zona.

En este sentido, exigen la implementación de medidas de seguridad vial para los peatones, como la instalación de un paso elevado sobre la calzada que les permita cruzar de un lado al otro sin riesgo. Asimismo, consideran preciso habilitar un carril de incorporación en dirección a Ourense.

También es necesario disponer de una plataforma o acera peatonal suficiente para el tránsito seguro de peatones que discurre paralelo a la calzada de Calvelo a Tenorio, donde se encuentran los servicios básicos más cercanos, como comercios, supermercados, el centro de salud o centros educativos.

Asimismo, señalan la necesidad de buscar soluciones respecto al estrecho bordillo donde se ubica una marquesina que se inunda cada vez que llueve, lo que agudiza los problemas de la pésima accesibilidad y seguridad, particularmente para los escolares y personas mayores que caminan por el arcén de la calzada y utilizan la marquesina.

Se trata de unas exigencias justas y perfectamente asumibles por el Ministerio de Transportes, pues no requieren grandes inversiones, pero que redundarían en una notable mejora de la seguridad vial en la N-541 a su paso por esta zona.



Hace un año, el Ministerio de Transportes autorizó un importe de 8,73 millones para la ejecución de diversas actuaciones de conservación en carreteras de titularidad de la Administración General del Estado en Pontevedra, sin embargo, no se incluyó en este caso ninguna actuación en la N-541.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Es consciente el Ministerio de Transportes de los problemas de seguridad vial que presenta la N-541 a su paso por Calvelo en el término municipal de Cerdedo-Cotobade?
2. ¿Tiene previsto el Ministerio realizar obras en esta zona para mejorar la seguridad vial y la accesibilidad? ¿De ser así, cuándo comenzarían las actuaciones?
3. ¿Atenderá las demandas de los vecinos que llevan tiempo reclamando medidas en esta vía, como un paso elevado, la habilitación de un carril de incorporación en dirección a Ourense o una vía peatonal paralela a la N-541 para reforzar la seguridad de los peatones?
4. ¿Comparte que se trata de medidas justas, sencillas y que no suponen grandes inversiones pero que redundarían en una mejora óptima de la seguridad vial en este tramo?
5. ¿En definitiva, resolverá el Ministerio los problemas de seguridad vial y accesibilidad de la N-541 a la altura de Calvelo en el término municipal de Cerdedo-Cotobade?

Madrid, a 21 de abril de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

21 ABR. 2025 17:56:43

Entrada **65713**

Sobre a mellora da seguridade viaria na N-541 no lugar de
Calvelo en Cerdedo-Cotobade

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á mellora da seguridade viaria e da accesibilidade na N-541 no lugar de Calvelo no Concello de Cerdedo-Cotobade.**

A N-541 que une as cidades de Pontevedra e Ourense, presenta numerosos tramos cunha alta perigosidade ao longo do seu trazado, tanto para a condución como para as persoas que circulan a pé, así como un estado de conservación moi deficiente.

A veciñanza do municipio de Cerdedo-Cotobade leva tempo demandando solucións aos problemas de seguridade viaria na N-541 ao seu paso por Calvelo, especialmente en materia de accesibilidade e tránsito seguro para os habitantes da zona.

Neste sentido, reclaman a habilitación de medidas de seguranza viaria para os viandantes como a instalación dun paso elevado sobre a estrada que lles permita atravesar dunha a outra marxe sen risco. Así mesmo, consideran preciso habilitar un carril de incorporación en dirección a Ourense.

É preciso tamén dispor dunha plataforma peonil ou beiravía suficiente para un tránsito peonil seguro que discorra paralela á estrada desde Calvelo até Tenorio, lugar en que se sitúan os servizos básicos máis próximos, como tendas, supermercados, o centro de saúde ou os centros educativos.

Ademais, apuntan á necesidade de buscar solucións respecto á estreita beiravía en que se sitúa unha marquesiña que se asolaga cada vez que chove, o que



suma máis problemas á pésima accesibilidade e seguridade, especialmente para os escolares e persoas maiores que transitan pola beira da estrada e que utilizan a marquesiña.

Trátase de demandas xustas e perfectamente asumíbeis por parte do Ministerio de Transportes pois non precisan de grandes investimentos, pero que redundarían nunha notábel mellora da seguridade viaria da N-541 ao seu paso por este lugar.

O Ministerio de Transportes habilitou hai un ano unha partida de 8,73 millóns para a execución de diversas actuacións de conservación nas estradas de titularidade da Administración Xeral do Estado en Pontevedra, porén non se incluía ningunha actuación na N-541 neste punto.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Coñece o Ministerio de Transportes os problemas de seguridade viaria que presenta a N-541 ao seu paso por Calvelo no municipio de Cerdedo-Cotobade?
2. Prevé o Ministerio acometer obras nesta zona a fin de mellorar a seguridade viaria e a accesibilidade? De ser así, cando daría inicio ás actuacións?
3. Atenderá as demandas dos veciños e veciñas que levan tempo reivindicando medidas nesta estrada como un paso elevado, a habilitación dun carril de incorporación dirección a Ourense ou unha vía peonil paralela á N-541 para reforzar a seguridade das persoas viandantes?
4. Comparte que se trata de medidas xustas, sinxelas e que non supoñen grandes investimentos pero que redundarían nunha óptima mellora da seguridade viaria neste tramo?



5. En definitiva, resolverá o Ministerio os problemas de seguridade viaria e de accesibilidade da N-541 á altura de Calvelo no municipio de Cerdedo-Cotobade?

Madrid, a 21 de abril de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso